

Informe sobre o Índice de Producción Industrial


Datos correspondentes a novembro de 2025

Data de publicación: 09/01/2026

Principais resultados

- En novembro de 2025, o Índice de produción industrial (IPI) rexistrou unha diminución interanual do 2,2 % en Galicia.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo medraron un 9 % e os bens intermedios un 4,5 %, mentres que os bens de equipo baixaron un 11,7 % Pola súa parte, a enerxía retrocedeu un 3,4 %.
- Por ramas de actividade, a contribución negativa máis destacable corresponde a: “Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques” que resta 5,5 puntos.

Taxas de variación interanual (%)



Fonte: INE.

1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial diminuíu un 2,2 % en taxa interanual en novembro de 2025; en España, incrementouse o 1,8 %.


- Os bens de consumo aumentaron o 9 %, cunha repercusión de 1,9 puntos.
- Os bens de equipo rexistran unha taxa interanual do -11,7 %, restando 4,2 puntos á taxa total.
- Os bens intermedios aumentan un 4,5 %, cunha repercusión positiva de 0,9 puntos.
- Por último, a enerxía, que diminúe un 3,4 %, resta 0,8 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Índice de produción industrial (IPI). Novembro de 2025

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	102,5	-2,2	0,2
Bens de consumo	105,1	9,0	4,8
Bens de equipo	117,0	-11,7	3,6
Bens intermedios	87,9	4,5	0,2
Energía	98,0	-3,4	-9,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

Contribucións á taxa de variación do índice xeral



2. Índices por ramas de actividade

Atendendo ás distintas ramas industriais, o descenso interanual do 2,2 % débese á contribución negativa de 9 ramas.

Entre as ramas con contribucións negativas (-7,7 puntos) destacan:

- "Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques" (-29,5 %, resta 5,5 puntos).
- "Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado" (-6,9 %, resta 1,3 puntos).

No que respecta ás contribucións positivas (5,6 puntos) as principais ramas foron:


- "Fabricación de bebidas" (24,7 % e suma 0,8 puntos).
- "Confección de roupa de vestir" (34,3 % e suma 0,8 puntos).
- "Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento" (10,7 %, suma 0,8 puntos).

3. Índices por comunidades autónomas

O IPI aumentou en 9 comunidades autónomas neste mes de novembro. As comunidades con taxas máis positivas foron Castela e León (12,8 %) e Andalucía (11 %). Pola contra, as maiores baixadas presentáronse en A Ríoxa (-8,4 %) e Asturias (-5,3 %).

IPI. Resultados por comunidades autónomas. Novembro de 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE.

4. Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras e o subministro da enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado, seccións B, C e D respectivamente da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Ademais, dende a base 2010 inclúe tamén a división 36 da CNAE-2009: Captación, depuración y distribución de auga. Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

5. Anexo cadros

Cadro 1. Índice de produción industrial. Novembro de 2025

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión interanual	Repercusión no que vai de ano
Xeral	102,5	-2,2	0,2		
Bens de consumo	105,1	9,0	4,8	1,9	1,1
Bens de equipo	117,0	-11,7	3,6	-4,2	1,1
Bens intermedios	87,9	4,5	0,2	0,9	0,1
Energía	98,0	-3,4	-9,4	-0,8	-2,2

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión interanual	Repercusión no que vai de ano
Xeral	105,7	1,8	1,1		
Bens de consumo	106,0	-0,2	0,9	-0,1	0,2
Bens de equipo	120,7	-0,7	-0,2	-0,2	0,0
Bens intermedios	98,1	2,7	0,9	0,8	0,3
Energía	101,1	6,9	3,8	1,2	0,7

Fonte: INE.

Cadro 2. IPI por ramas de actividade. Galicia. Novembro de 2025

Ramas	Taxa interanual (%)	Repercusión interanual	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión no que vai de ano	Ponderación
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-29,5	-5,5	0,1	0,0	13,3
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-6,9	-1,3	-11,5	-2,2	19,4
Industria do papel	-29,1	-0,3	-4,4	-0,1	1,2
Fabricación de mobles	-11,6	-0,2	-0,9	0,0	1,3
Industria téxtil	-16,0	-0,1	-15,1	-0,1	0,8
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-21,4	-0,1	-29,5	-0,1	1,0
Industria química	-8,1	-0,1	-1,3	0,0	1,9
Outras industrias manufactureiras	-15,6	-0,1	3,9	0,0	0,7
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	0,4	0,0	-0,5	0,0	4,6
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	0,2	0,0	-1,3	-0,1	2,8
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	4,4	0,1	-4,9	-0,1	3,2
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	12,6	0,1	28,7	0,2	0,8
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	1,0	0,1	0,0	0,0	4,8
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	8,2	0,2	6,8	0,2	2,3
Fabricación de material e equipamento eléctrico	30,0	0,2	-4,1	0,0	0,5
Fabricación doutro material de transporte	16,5	0,3	17,8	0,4	1,9
Outras industrias extractivas	22,7	0,4	-4,2	-0,1	1,1
Industria da alimentación	4,3	0,6	5,0	0,7	14,9
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	24,1	0,6	-0,2	0,0	5,1
Fabricación de bebidas	24,7	0,8	8,7	0,4	3,8
Confección de roupa de vestir	34,3	0,8	11,1	0,3	1,8
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	10,7	0,8	10,2	0,8	8,6

Fonte: INE.

Nota: non se amosan na táboa os datos das ramas de Industria do coiro e do calzado, Coquerías e refinación de petróleo, Fabricación de produtos farmacéuticos e Captación, depuración e distribución de auga por estar afectados por un alto erro de mostraxe, ao dispoñer de poucas observacións mostrais.

Cadro 3. IPI por Comunidades Autónomas. Novembro de 2025

CCAA	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
España	105,72	1,8	1,1
Andalucía	110,75	11,0	9,1
Aragón	119,83	2,9	2,9
Asturias, Principado de	90,81	-5,3	3,5
Baleares, Illas	97,56	1,1	4,0
Canarias	115,41	-1,9	0,2
Cantabria	89,37	0,1	-0,4
Castela e León	118,46	12,8	4,7
Castela-A Mancha	111,17	3,3	0,9
Cataluña	106,18	0,9	0,1
Comunidade Valenciana	91,37	1,1	-1,2
Estremadura	94,08	-3,7	0,2
Galicia	102,54	-2,2	0,2
Madrid, Comunidade de	115,23	0,1	-0,1
Murcia, Rexión de	98,33	-2,8	0,4
Navarra, Comunidade Foral de	103,24	-2,9	-1,9
País Vasco	102,84	-2,1	-2,3
Rioxa, A	95,53	-8,4	-0,2

Fonte: INE.